

ANA PONTÓN: "O BNG NO CONGRESO CONSEGUIU MÁIS PARA GALIZA NUN MES QUE FEIJÓO EN DEZ ANOS"



Pregunta: Todos os medios puxeron de relevo o conseguido polo BNG na negociación co PSOE para a investidura de Sánchez.

Ana Pontón: Si, foi un grande éxito e puxemos en evidencia o que sempre dicimos: para Galiza é fundamental contar cunha voz propia que a defenda e mire polos seus intereses en Madrid. O nacionalismo, o BNG, é unha forza imprescindible e útil para os intereses das e dos galegos. Galiza volve existir politicamente no Estado, teñen que falar con nós e atender a axenda galega e puxemos en valor a nosa representación para conseguir melloras concretas para a sociedade galega. O que Feijóo non soubo ou non quixo facer en dez anos, conseguímolos nós nun mes.



Pregunta: Que diría que é o máis importante do conseguido?

Ana Pontón: O acordo é moi importante porque, primeiro, garante que Galiza non vai ser menos que ninguén. Nós imos ser a barreira contra o maltrato a Galiza, acabouese ese tempo en que o noso país era a última carta da baralla. En segundo lugar, o acordo marca o inicio do fin de Feijóo, que quedou coma un boxeador ao borde do KO, a piques de caer na lona. Puxemos en evidencia os seus dez anos de traizón aos intereses de Galiza e de submisión a Madrid. E finalmente, conseguimos melloras moi importantes en temas como a AP-9, o apoio á industria, o saneamento das rías, novos xulgados contra a violencia de xénero... É un acordo que marca un antes e un despois para a dinámica política en Galiza.

FACENDO

VALER

GALIZA

FACENDO

VALER

GALIZA

TODO O QUE CONSEGUIU O BNG CO ACORDO DE INVESTIDURA



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela
GALIZA
Teléfono: 981555850

  /obloque

 bng.gal  sedenacional@bng.gal

RÍAS GALEGAS LIMPAS E SEN CONTAMINACIÓN



- Saneamento e rexeneración das rías galegas.
- Asegurar o cumprimento por parte de ELNOSA das súas obrigas en relación coa reversión dos terreos cedidos en concesión.
- Traslado de ENCE garantindo o mantemento do emprego.

APOIO Á NOSA LINGUA



- Normalización do uso do galego na administración periférica do Estado. Respecto pola toponimia galega.
- Recuperar as horas de emisión en galego dos medios de comunicación públicos estatais.
- Recepción na Galiza das radios e televisións de Portugal.

RECOÑECIMENTO A GALIZA E TRANSFERENCIAS



- Calquera modificación da estrutura territorial do Estado asegurará a Galiza o mesmo status que as outras nacións.
- Activar a transferencia da totalidade das competencias pendentes recollidas no Estatuto, e as que foron obxecto de consenso no Parlamento Galego (AP-9, Tráfico...).

AP-9 GALEGA



- Bonificación do 100% das peaxes para viaxes recorrentes (dúas veces ou máis ao día) para particulares e profesionais.
- Gratuidade do tramo Vigo-Redondela.
- Eliminación do impacto nos e nas usuarias da AP-9 do incremento extraordinario anual acumulativo durante 20 anos. Transferencia da AP-9 ao longo deste ano 2020.

MELLORA DA REDE FERROVIARIA GALEGA



- Modernización da rede interior ferroviaria con actuacións concretas ao longo desta lexislatura nos seguintes tramos (como mínimo): A Coruña-Ferrol, A Coruña-Lugo e Vigo-fronteira portuguesa no eixo atlántico ferroviario.
- Electrificación no tramo Ourense-Lugo e a liña FEVE Ferrol con Xixón.
- Corredor Atlántico. Conexión en 2020 cos portos exteriores de Ferrol e A Coruña.

EMIGRANTES RETORNAD@S



- Durante 2020 adoptaranse as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación.

MANTENDO A INDUSTRIA E O EMPREGO



- Incluír Galiza no Plan de Acción Urxente para países do Carbón e Centrais Pechadas (2019-2021).
- Convenios de Transición Xusta para As Pontes e Cerceda.
- Electointensivas: liberar a factura de cargos que non teñan relación directa co funcionamento do sistema eléctrico.

DEPENDENCIA



- Aportación do 50% estábel que corresponde á Administración Xeral do Estado para o financiamento da Dependencia.

COMBATENDO A VIOLENCIA MACHISTA



- Modificación da Lei Integral de Violencia de Xénero e a Lei Orgánica do Poder Xudicial, a fin de considerar os delitos sexuais contra as mulleres como violencia de xénero.
- Ampliar o número de xulgados de violencia de xénero na Galiza e, en concreto, en Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.